# TRAMITACIÓN DA TARXETA PROFESIONAL DA CONSTRUCIÓN (TPC)

A TPC é un documento mediante o cal se acreditan, entre outros datos, os seguintes: formación recibida polo traballador do sector en materia de prevención de riscos laborais, a súa categoría profesional e os períodos de ocupación nas distintas empresas nas que exerceu a súa actividade.

A TPC ten vixencia durante 5 anos.

Requisitos para solicitala:

- Ter recibido, polo menos, a formación inicial en materia de prevención de riscos laborais, de acordo co previsto no Convenio General del Sector de la Construcción.

- Pertencer a un destes colectivos:

  - Ser traballador en alta, ou en situación de incapacidade temporal que preste os seus servizos en empresas encadradas na ámbito de aplicación do Convenio General del Sector de la Construcción.

  - Estar desempregado sempre que se acredite, polo menos, 30 días de alta en empresas encadradas no ámbito de aplicación do Convenio General del Sector de la Construcción, nos últimos 5 anos.

  - Ser traballador / a autónomo / a. (Neste caso haberá que pagar unha taxa para tramita-la TPC).

Os traballadores en activo que na actualidade non traballen na construción pero si teñan experiencia neste sector poderán solicita-la tarxeta cando se atopen en situación legal de desemprego ou cando estean dados de alta no sector da construción.

**Documentación obrigatoria para solicita-la TPC as persoas traballadoras por conta allea ou persoas desempregadas (ten que ser documentación orixinal):**

- Impreso de solicitude debidamente cuberto
- Fotografía recente tamaño carné
- DNI ou NIE
- Informe de vida laboral emitido pola Tesorería General de la Seguridad Social (o informe non

pode ter máis de 3 meses de antigüidade)

- Diploma ou certificado no que se acredite a realización da formación inicial en materia de prevención de riscos laborais.
- Polo menos un dos seguintes documentos (teñen que facer referencia a unha empresa do sector da construción):
    - Contrato de traballo
    - Última nómina
    - Certificado de empresa

Documentación opcional:

- Certificados académicos oficiais relacionados co sector da construción ou titulacións universitarias.
- Diplomas e certificados de formación relacionada co sector da construción ou coa prevención de riscos laborais
- Carnés profesionais relacionados
- Carnés de conducir de camión
- Certificados relativos ós recoñecementos médicos (vixilancia da saúde) expedidos pola entidade que os realizou.

**Documentación obrigatoria para solicita-la TPC as persoas autónomas que traballen no sector da construción (ten que ser documentación orixinal):**

- Impreso de solicitude debidamente cuberto
- Fotografía recente tamaño carné
- DNI ou NIE
- Informe de vida laboral emitido pola Tesorería General de la Seguridad Social (o informe non pode ter máis de 3 meses de antigüidade)
- Certificación comprensiva, expedida pola Administración Tributaria que en cada caso corresponda (dentro dos 60 días inmediatamente anteriores á data da solicitude) de estar dado de alta no Impuesto sobre Actividades Económicas.
- Certificado acreditativo de atoparse ó corrente do pago das cotizacións sociais emitido pola Tesorería General de la Seguridad Social, dentro do s 60 dóas inmediatamente anteriores á data de solicitude.
- Xustificante do ingreso da taxa (29,50 €) na conta bancaria do BBVA 0182/5570/77/0201506984
- Diploma ou certificado que acredite que o solicitante recibiu, polo menos, a formación inicial en materia de prevención de riscos laborais.

Documentación opcional:

- Certificados académicos expedidos plo Ministerio de Educación, Ministerio de Trabajo, comunidades autónomoas ou calquer outro organismo ou entidade legalmente habilitados.
- Diplomas ou certificados expedidos pola Fundación Laboral de la Construcción
- nados co sector da construción ou titulacións universitarias.
- Certificados relativos ós recoñecementos médicos (vixilancia da saúde) expedidos pola entidade que os realizou.

**MÁIS INFORMACIÓN:** **Orientadora laboral**

**Casa de Pedra 981 73 70 04**

**mseijas.desenvolvemento@camarinas.net**

**Luns a venres: 8:00 – 15:00**

**Fundación Laboral de la Construcción (Arteixo)**

**981 64 14 38**